

MILES DE PERSOAS MOBILIZÁRONSE EN GALICIA NESTE PRIMEIRO DE MAIO EN DEMANDA DE PLENO EMPREGO, MENOS XORNADA E MELLORES SALARIOS

Redacción.- Miles de persoas, convocadas por UGT e CCOO, mobilizáronse nas cidades e vilas galegas -A Coruña (acto central), Ferrol, Santiago, Lugo, Ourense, Pontevedra, Vilagarcía e Vigo- para celebrar este Primeiro de Maio baixo o lema “Polo pleno emprego: menos xornada, mellores salarios”.

Despois dunha lexislatura de reformas e avances, que hai que seguir profundando nestes porque aínda queda moito por facer.

Se ben é certo que a reforma laboral mellorou a calidade do emprego, tamén o é que as taxas de desemprego seguen a ser elevadas e hai que seguir traballando de cara o pleno emprego, este debe ser o obxectivo. Nesta liña de traballo, neste Primeiro de Maio demandouse a redución da xornada laboral, camiñar cara as 37,5 horas por lei, e todo isto acompañado de mellores salarios porque a situación económica e os amplos beneficios empresariais así o permiten.

Neste Primeiro de Maio tamén se lembrou o proceso de eleccións na UE que se vai celebrar. Ante o que os países da Unión e os seus traballadores xóganse moito, ben manter as políticas expansivas e de protección social e económica ou volver ás políticas de austeridade que tan malos resultados deron no pasado e que tanto sufrimento causaron ás familias.

O escenario económico, tanto en España como en Galicia, con crecementos económicos en ambos contextos, incluso por enriba do conxunto da UE, permite seguir mellorando as condicións laborais dos traballadores e traballadoras e situar a meta no pleno emprego.

Neste contexto, marcado ademais pola chegada dos fondos europeos, tamén se demandou unha aposta decidida por un novo modelo industrial e enerxético. Un novo modelo que, para UGT, debe ser froito do consenso. Neste senso, o Sindicato saúda a proposta realizada pola Xunta, aínda que tardía, para un pacto pola enerxía e a industria, no que UGT, no marco do diálogo

social, comprométese a traballar.

Neste Primeiro de Maio alertouse que en materia de emprego Galicia segue a rexistrar algúns valores que debe corrixir, peores que as taxas do Estado, como as de afiliación á Seguridade Social ou as taxas de actividade. Polo que no marco do diálogo social UGT aposta por potenciar os servizos públicos de emprego e mellorar as políticas activas de emprego.

Así, a aposta polo diálogo social en Galicia, que tan bos resultados deu no Estado, UGT-Galicia demanda que sexa clara e nesta liña vaise traballar.

Neste Primeiro de Maio ás críticas ás inasumibles cifras de sinistralidade laboral que se rexistran tamén estiveron nas mobilizacións. Urxe reforzar as políticas nesta materia e comezar a traballar nun cambio da Lei de Prevención porque o mundo do traballo mudou moito nos últimos anos e a lexislación ten que adaptarse a estes cambios.

Outras demandas que tamén estiveron presentes nas manifestacións foron avanzar nas negociacións que se están a facer no eido do diálogo social en materia de xu-



bilación parcial e contrato relevo. Así como protexer o contratos de traballo cunha nova regulación do despedimento que respecte os compromisos internacionais adquiridos polo noso país a través da Carta Social Europea.

Tamén urxe unha reforma fiscal que reforce a equidade da contribución e a capacidade das políticas públicas. Entre outras cousas, que permitan despregar unha po-



tente estratexia de coidados no marco dunha recuperación do conxunto dos servizos públicos e da atención á cidadanía. É necesario culminar o desenvolvemento do sistema de atención á dependencia, unha necesidade social e un xacemento de emprego que debe ser de calidade e ben remunerado.

O dereito á vivenda digna segue a ser unha materia pendente na que tamén urxe traballar.

Finalmente, este Primeiro de Maio tam pouco foi alleo á situación política de confrontación. España precisa racionalizar as discrepancias lexítimas entre os partidos

para emprender os consensos necesarios ante as reformas, retos e desafíos que hai por diante. Para iso, hai que partir do recoñecemento da lexitimidade da actual maioría parlamentaria, rebaixando o ton de crispación política que limita a capacidade de dar resposta aos verdadeiros problemas do país.

UGT-CORUÑA E UGT-PONTEVEDRA, XUNTO COA FUNDACIÓN LUÍS TILVE, CELEBRARON SENDOS ACTOS DE RECOÑECIMENTO Á TRAXECTORIA SINDICAL DE VARIOS COMPAÑEIROS

Co gallo do Primeiro de Maio as unións comarcais de UGT-Pontevedra-Arousa-Deza, xunto coa Fundación Luís Tilve, e UGT-Coruña-Cee celebraron sendos actos de entrega de premios como recoñecemento á traxectoria sindical de varios compañeiros e compañeiras.

En Pontevedra, a véspera do día da clase traballadora, a Fundación Luís Tilve e UGT-Pontevedra, Arousa e Deza, celebraron un sentido e concorrido homenaxe ó compañeiro Domingo Barros Montás pola súa longa traxectoria sindical en defensa dos dereitos laborais, durante a cal foi responsable da Secretaría xeral da Unión Comarcal de Pontevedra, secretario de Formación de UGT-Galicia ou secretario de Administración Local na Federación de Servizos Públicos, entre outras responsabilidades.

Na Coruña, a entrega da XX edición dos Premios 1º de Maio de UGT-Coruña-Cee recaeu, pola súa labor sindical, en José Enrique Baamonde Rodríguez, María José Calvo Orgeira e Roberto Teijido Corral.



UGT-GALICIA CELEBROU EN SANTIAGO O COMITÉ NACIONAL EXTRAORDINARIO QUE APROBOU A CONVOCATORIA DO 14º CONGRESO DO SINDICATO PARA OS DÍAS 26 E 27 DE FEBREIRO DE 2025

Redacción.- O Comité Nacional Extraordinario de UGT-Galicia reuniuse este xoves en Santiago para aprobar a convocatoria do Congreso Extraordinario de UGT-Galicia para o mes de outubro e tamén a convocatoria do 14º Congreso de UGT-Galicia que se celebrará en Santiago os días 26 e 27 de febreiro do ano 2025.



MERECE A PENA QUE O GOBERNO DE ESPAÑA CONTINÚE DESENVOLVENDO POLÍTICAS EN BENEFICIO DA MAIORÍA

UGT traballará porque a vida pública do noso país deixe de ser unha lameira e pase a unha situación de plena e absoluta normalidade democrática

Redacción.- UGT celebrou o luns, 29 de abril, o seu Comité Confederal no que se analizou a situación actual, o diálogo social e a negociación colectiva e realizáronse traballos de cara ao 44º Congreso Confederal do sindicato, entre outros asuntos.

Nunha intervención inicial, fóra da orde do día, o secretario xeral de UGT, Pepe Álvarez, manifestou o seguinte:

“Desde UGT queremos dicir claro e alto que si, que merece a pena, Presidente. Merece a pena que foses capaz de trasladar de maneira nítida e clara os teus sentimentos á sociedade. Merece a pena que, durante estes días, puidésemos ver que detrás dos políticos, das persoas que se dedican ao servizo público no noso país, hai seres humanos”.

“Un ser humano que padece, como

todo o mundo, que ten sentimentos e que ten momentos nos que necesita tomar alento e visualizar cara a onde imos e, nese sentido, todo o noso respecto pola persoa, polo ser humano e todo o noso agarimo por Pedro Sánchez, Begoña Gómez, pola súa familia”.

“Merece a pena, si, que o Presidente continúe, porque tamén é moi importante que con este xesto queda claro que a democracia, no noso país, reside no Congreso dos Deputados, nas Cortes Xerais, que son as que realmente teñen a responsabilidade que quitar e de poñer presidentes ou tomar as determinacións que considere oportunas en relación coa política que se debe desenvolver no noso país”.

“A democracia non ten porta traseira, a democracia exercitase coa soberanía popular e son, por certo, os cidadáns os

que elixen quen ten que intervir en todos e cada un dos elementos do Estado de Dereito e das Institucións Públicas”.

“E si, merece a pena. Merece a pena continuar este exercicio de Goberno que nos últimos 4 anos foi, sen ningún lugar a dúbida, a experiencia máis rica de dereitos para os cidadáns e as cidadás. Merece a pena que, desde o Goberno de España poidanse continuar desenvolvendo políticas en beneficio da maioría, e nese sentido, desde UGT imos traballar porque, efectivamente, a vida pública do noso país deixe de ser unha lameira, entre nunha situación de pleno respecto e que este exemplo sirvanos para que todos os demais que sufriron, que sufrimos, moitas veces, situacións de absoluta inxustiza, acábense para sempre e que o noso país poida reinar, como en todos os países do mundo, unha situación de plena e absoluta normalidade democrática”.

NON O ESQUEZAS!! A COTA SINDICAL DESGRAVA

O borrador automático da declaración elaborado por Facenda non inclúe esta dedución, que pode supoñer un aforro na cota anual sindical de entre un 20% e un 35% aproximadamente. Así pois, terás que modificar o borrador para incluíla:

Cuadrícula 14: apartados declaración -> Datos económicos -> Rendementos do traballo -> Cotas satisfeitas a sindicatos.

En principio non é necesario ter o certificado da organización, só tes que poñer na declaración a cota total que pagaches ao longo do ano 2023 pola túa afiliación.



É NECESARIO CONTINUAR EXECUTANDO OS PLANS DE RECUPERACIÓN E CAMBIAR A POLÍTICA MONETARIA DO BCE

O CRECEMENTO ECONÓMICO, MODERADO PERO SÓLIDO, APÓIASE NA MELLORA INTERNA DO CONSUMO, PERO REQUIRE DUNHA FORTE APOSTA POLO INVESTIMENTO



Redacción.- O INE publicou esta semana o avance dos datos do primeiro trimestre de 2024 da Contabilidade Nacional, que rexistra un aumento preliminar do PIB do 0,7% en termos trimestrais, o que se traduce nun aumento anual do 2,4%. Estes datos supoñen un bo inicio do ano, coherente coas previsións de institucións como o FMI, a OCDE ou a Comisión Europea para o conxunto do ano, que esperan que España creza algo menos do 2%. Aínda así, é importante esperar a que se publiquen os datos definitivos o 25 de xuño para poder valorar con maior precisión a marcha da economía española no que vai de ano.

Polo lado da demanda, o consumo dos fogares aumentou un 0,3% no trimestre e o investimento un 2,6%, tras dous trimestres rexistrando descensos. Estes resultados, en comparación co primeiro trimestre de 2023, lanzan un crecemento anual máis moderado do investimento (1,1%) e un valor máis alto para o consumo dos fogares (2,3%). Neste sentido, é importante destacar que 2,2 puntos dos 2,4 que creceu o PIB débense á demanda interna. E polo lado da oferta, todos os sectores económicos creceron en termos trimestrais. Tamén o fixeron todos eles en termos anuais rexistrando a construción o maior aumento (3,6%) e o sector primario o menor (0,4%). Os servizos fixérono nun 2,6% e a industria fíxoo nun 2,3%.

O bo dato de crecemento está moi

ligado á mellora que se está producindo na demanda interna, impulsada polo maior consumo privado que realizan os fogares. As melloras salariais que se obtiveron tras a firma do AENC en maio de 2023 e os seus efectos no que vai de 2024 está a aliviar os orzamentos familiares permitindo-lles consumir en maior medida. Isto é consecuencia da boa marcha do emprego, que crece de maneira notable e que é cada vez máis estable, e da mellora dos salarios.

Neste sentido, as variacións salariais en convenio no ano 2023 xa permitiron que non se perdesse poder de compra, e nos convenios asinados en 2024 recollen un crecemento salarial do 4,4% para o primeiro trimestre do ano, mentres que o IPC nese período aumentou un 3,1%. Con todo, aínda hai moita marxe de mellora, porque é necesario que as persoas traballadoras recuperen a capacidade adquisitiva que se perdeu entre 2021 e 2022.

Outro aspecto moi relevante para que a evolución económica no ano 2024 siga o ronsel de crecemento dos anos anteriores provén da política monetaria. A pesar de que a inflación moderouse nos países membro, o Banco Central Europeo aínda persiste en manter os tipos de interese no 4,5%, un valor de xeito evidente negativo para que flúa o crédito ás familias e empresas. Esta obcecada política monetaria está a exercer de freo en moitas economías que están ao bordo da recesión, mentres

que limita o crecemento para economías, como a española, que manteñen un auxe moderado.

As melloras salariais esenciais no crecemento

Por último, hai un factor que pode ser clave para impulsar o crecemento a curto e medio prazo: o avance na execución dos fondos europeos. O ano pasado foi o primeiro ano no que se puido ver un bo desempeño na introdución destes recursos na economía española. E, dado que o Plan de Recuperación inclúe medidas para transformar o modelo produtivo español, canto antes se trasladen á economía real antes poderanse ver os seus efectos no investimento, a produtividade e o crecemento. Sobre todo, tendo en conta que o investimento é unha materia pendente e a única variable macroeconómica da Contabilidade Nacional que aínda non recuperou o seu nivel prepandemia.

En resumo, a economía española parece permanecer instalada nun crecemento moderado pero sólido, que se apoia na mellora interna do consumo, pero que require dunha forte aposta polo investimento, para o que é moi importante continuar desenvolvendo o Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia e cambiar xa a política monetaria para que se adecúe á realidade económica da eurozona e exerza de vento de cola durante o que queda de 2024.